

ANEXO I

Bases reguladoras

Artigo 1. Obxecto

Estas bases regulan as condicións polas que se rexerá o proceso de selección para a cobertura dunha praza de persoal laboral con carácter interino na Fundación Galicia Europa e se procede á súa convocatoria.

A praza convocada é a de Asesor/a Técnico/a na oficina da Fundación Galicia Europa en Bruxelas para a realización das tarefas descritas no anexo III desta orde.

Artigo 2. Modalidade de contrato

O contrato cualifícase como contrato de interinidade por vacante na modalidade prevista no artigo 15.1.c) do Estatuto dos Traballadores e non poderá ter unha duración superior á que este artigo determina.

Artigo 3. Réxime xurídico

O procedemento de selección realizarase conforme ao establecido no artigo 58 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, nos estatutos da Fundación Galicia Europa e será efectuado con respecto aos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade da convocatoria.

Artigo 4. Requisitos de admisión

Poderán participar neste procedemento as persoas que reúnan os seguintes requisitos, que deberán posuír no momento de rematar o prazo de presentación de solicitudes:

1. Ser español ou nacional dalgún dos Estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado ao cal, en virtude dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
2. Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, e cando así o prevexa o correspondente tratado, os dos nacionais dalgún estado ao en que en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesma condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade que vivan as súas expensas.
3. Así mesmo poderá participar quen non sendo español nin nacional dun Estado membro da Unión Europea se atope en España en situación de legalidade, sendo titular dun documento que lle habilite para poder residir e acceder sen limitacións ao mercado laboral. O candidato deberá acreditar documentalmente coa súa solicitude a concorrencia deste requisito.
4. Ter cumpridos os 16 anos.

5. Posuír a capacidade funcional necesaria para o desempeño das funcións que se deriven do correspondente contrato.
6. Non estar separado do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario, nin encontrarse inhabilitado por sentenza firme que conleve a imposibilidade legal de acceder á función pública. Cando se trate de aspirantes estranxeiros, non estar sometidos a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.
7. Titulación: estar en posesión dun título universitario de grao, licenciado/a, enxeñeiro/a ou equivalente. A persoa solicitante deberá estar en posesión do título ou acreditar o pagamento dos dereitos para a súa expedición, no momento do remate do prazo de presentación de solicitudes. Os títulos obtidos no estranxeiro ou en centros españois non estatais, deberán estar convalidados ou recoñecidos oficialmente polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.
8. Idiomas:
 - 8.1 Galego: os solicitantes deberán acreditar o coñecemento da lingua galega no nivel de perfeccionamento ou Celga 4 ou, no seu caso, superar a proba de coñecementos de lingua galega que se recolle no artigo 8.1.2 destas bases.
 - 8.2 Inglés: ter acadado o nivel B2 da lingua inglesa segundo o Marco Común Europeo de Referencia para as linguas do Consello de Europa.

Artigo 5. Comisión de selección

O director da Fundación Galicia Europa nomeará unha comisión de selección que terá por obxecto garantir e supervisar o desenvolvemento axeitado do proceso en todas as súas fases.

A comisión de selección contará cun máximo de cinco membros e estará integrada por:

- A persoa que exerza a dirección da oficina da FGE en Bruxelas, ou persoa que no seu lugar nomee o director da FGE, que actuará como presidente e ostentará o voto de calidade para o caso de empate.
- persoal técnico da oficina da FGE en Bruxelas, ou persoa que no seu lugar nomee o director da FGE.
- persoal funcionario da dirección Xeral de Relacións coa UE da Xunta de Galicia.

Todos os membros da comisión de selección actuarán con voz e voto.

Con suxeición ao establecido nestas bases, a comisión de selección estará facultada para realizar todas as actuacións e determinar os extremos necesarios para o desenvolvemento do proceso selectivo e a avaliación dos candidatos.

A actuación da comisión de selección axustarase ao disposto na Lei da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Sonlle igualmente de aplicación a este órgano as instrucións relativas o funcionamento e actuación dos órganos de selección de 11 de abril de 2007, modificadas por Acordo do Consello da Xunta de Galicia de 8 de abril de 2010.

A comisión será paritaria, nos termos establecidos no Decreto legislativo 2/2015 de 12 de febreiro polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

Artigo 6. Presentación de solicitudes

As solicitudes presentarase en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común utilizando o formulario que se achega como anexo nas bases da convocatoria. Tamén poderán presentarse no rexistro da FGE (Rúa Hórreo, 61, 15701, Santiago de Compostela; ou Rue de la Loi 38, bte.2, 1040 Bruxelas).

O prazo de presentación das solicitudes será de quince (15) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio indicativo das bases da convocatoria no Diario Oficial de Galicia.

Artigo 7. Documentación

1. Xunto coa solicitude achegarase a seguinte documentación:

- Copia do documento nacional de identidade da persoa solicitante ou do documento fidedigno acreditativo da súa identidade.
- Copia do pasaporte no caso de nacionais da Unión Europea residentes fóra de España e que non posúan NIE.
- Currículo en formato Europass.
- Copia dos títulos acreditativos do nivel de idiomas segundo o Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas.
- Copia da documentación acreditativa, se é o caso, dos méritos que se aleguen para a súa valoración. A experiencia profesional acreditarase cun historial completo emitido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social e mais certificado de servizos prestados na Administración, copia cotexada de nóminas ou dos contratos de traballo.
- Copia do documento xustificativo de estar en posesión do curso de perfeccionamento de galego ou estudos equivalentes, debidamente homologados pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, para os efectos da exención da proba de galego.

Os aspirantes farán constar nas súas solicitudes que reúnen os requisitos precisos para tomar parte no proceso selectivo.

Esgotado o prazo de presentación de solicitudes, expoñerase na páxina web da Fundación Galicia Europa (<http://www.fundaciongaliciaeuropa.eu>) a lista provisional de admitidos e excluídos do

proceso selectivo; respecto destes últimos, farase constar na devandita lista a causa da súa exclusión.

Os aspirantes excluídos poderán presentar reclamación aportando a documentación complementaria que estimen oportuna polos mesmos medios que os indicados no punto seis destas bases no prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da lista provisional de admitidos e excluídos na páxina web da Fundación para poder emendar, se é o caso, o defecto que motivase a exclusión. Para tal efecto, a estimación ou desestimación das devanditas peticións de emendas entenderanse implícitas na resolución pola que se publique a lista definitiva.

Os erros de feito poderanse emendar en calquera momento, ben de oficio ben por instancia do interesado.

O feito de figuraren na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos exixidos no procedemento que se convoca mediante esta resolución. Cando da documentación que se debe presentar, no caso de superar o procedemento selectivo, se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os interesados decaerán en todos os dereitos que puideran derivar da súa participación neste procedemento.

Artigo 8. Procedemento de selección

A Comisión de valoración fará a avaliación das solicitudes en dúas fases e de acordo cos seguintes criterios :

1. PRIMEIRA FASE:

1.1 Valoración de méritos. Máximo 90 puntos

CONCEPTO	CONTIDO	Puntuación máxima no apartado
Titulación universitaria prioritaria	Grao ou equivalente nas seguintes titulacións: 10 puntos <ul style="list-style-type: none">• Dereito• Ciencia Política e da Administración• Economía• Tradución e Interpretación• Relacións Internacionais• Periodismo / Comunicación Audiovisual	10 puntos

Expediente académico	Pola nota media do título universitario co que concorre á bolsa:	
	Para a cualificación de notable: 3 puntos	Máximo 5 puntos
	Para a cualificación de sobresaínte ou matrícula de honra: 5 puntos	
Mestrado ou posgrao	Mestrado ou posgrao oficial en asuntos europeos: 15 puntos Mestrado ou posgrao oficial en estudos internacionais: 10 puntos	Máximo 15 puntos
Cursos relacionados coa UE ou relacións internacionais	• Cursos de duración igual ou superior a 75 horas: 2,5 puntos por curso.	Máximo 5 puntos
	• Cursos de duración igual ou superior a 50 horas e ata 74 horas: 1 punto por curso.	
	• Cursos de duración igual ou superior a 30 horas e ata 49 horas: 0,50 por curso.	
Idiomas	Por acreditación dun ou varios idiomas adicionais ao mínimo esixido. As puntuacións por niveis dunha mesma lingua non son acumulativas.	Máximo 10 puntos
	a) Inglés:	
	Nivel C1: 3 puntos	
	Nivel C2: 5 puntos	
	b) Francés:	
	Nivel B1: 0,20 puntos	
	Nivel B2: 0,50 puntos	
	Nivel C1: 1,5 puntos	
	Nivel C2: 3 puntos	
	c) Outras linguas comunitarias oficiais:	
	Nivel B1: 0,20 puntos	
	Nivel B2: 0,30 puntos	
	Nivel C1: 1 puntos	
Nivel C2: 2 puntos		
Experiencia profesional especializada	<ul style="list-style-type: none"> • En institucións e organismos da UE, en oficinas de representación rexional en Bruxelas, ou no ámbito dos asuntos europeos acreditada mediante contrato de traballo: 0,50 puntos por mes completo • A experiencia acreditarase mediante certificado de vida laboral ou certificado de empresa. 	Máximo 20 puntos

Formación complementaria	<ul style="list-style-type: none">• Título de doutor/a: 6 puntos• Mestrado adicional ou segunda licenciatura relacionada co posto: 4 puntos• Pola realización de prácticas ou desfrute bolsas en institucións e organismos da UE, en oficinas de representación rexional en Bruxelas, ou no ámbito dos asuntos europeos acreditada mediante certificado expedido polo organismo correspondente: 0,20 puntos por mes completo ata un máximo de 15 puntos.	Máximo 25 puntos
---------------------------------	--	-------------------------

1.2 Proba de coñecemento de lingua galega

Os aspirantes que non acrediten o coñecemento da lingua galega de conformidade co establecido no artigo 4.8.1 deberán superar unha proba de avaliación consistente en realizar unha proba escrita sobre o coñecemento da lingua galega.

A proba consistirá na tradución dun texto, facilitado pola comisión, do castelán para o galego. Esta proba terá unha duración máxima de 45 minutos e cualificarase de “apto/a” ou “non apto/a”, quedando eliminadas do proceso selectivo as persoas que non acaden a cualificación de apto/a.

Pasarán á seguinte fase, entrevista persoal, os 6 primeiros clasificados sempre que entre eles non exista unha diferenza superior a 10 puntos. En caso de empate de puntos na sexta posición pasarán todas as persoas aspirantes que teñan esa mesma puntuación.

2. SEGUNDA FASE: Entrevista persoal. Máximo 10 puntos

Consistirá nunha entrevista cos membros da Comisión que será valorada de 0 a 10 puntos. As persoas seleccionadas serán convocadas, mediante a publicación na páxina web, a participar na entrevista persoal na que se valorarán os seguintes aspectos:

- Coñecemento das institucións comunitarias e das políticas europeas que máis afectan a Galicia.
- Coñecemento sobre o marco financeiro plurianual 2014-2020 e política de cohesión
- Claridade na exposición dos contidos.
- Grado de fluidez nas linguas inglesa e/ou francesa.

A entrevista terá lugar nas oficinas da FGE en Santiago de Compostela (Rúa do Hórreo, 61) ou Bruxelas (Rue de la Loi 38) podéndose, se a Comisión o estima necesario, establecer conexión a través de videoconferencia entre ambas oficinas. A duración máxima será de 15 minutos.

A proba estará relacionada coas funcións do posto descritas no anexo III da convocatoria valorándose os coñecementos da persoa candidata sobre os seguintes asuntos:

1. Funcionamento do proceso comunitario de toma de decisións
2. A participación das comunidades autónomas nos asuntos comunitarios
3. As políticas europeas que máis afectan a Galicia.
4. As fontes de financiamento comunitario

A Comisión de valoración avaliará a claridade na expresión e exposición das ideas, a expresión oral en inglés e a capacidade para desenvolver un traballo de calidade.

As persoas aspirantes deberán presentarse á devandita entrevista co seu DNI ou calquera outro documento fidedigno que a xuízo da comisión de valoración acredite a súa identidade

Artigo 9. Valoración de méritos e tramitación

A valoración dos méritos será realizada pola comisión de selección conforme ao baremo establecido no punto anterior.

A puntuación provisional de ambas fases publicarase no taboleiro de anuncios das oficinas da FGE en Santiago de Compostela e Bruxelas e, para os efectos informativos, a través de <http://www.fundaciongaliciaeuropa.eu>. Contra esta resolución poderá presentarse reclamación ante a comisión de selección, no prazo de tres (3) días hábiles contados desde o día seguinte ao da súa publicación.

Todas as reclamacións que se realicen durante o proceso de selección deberán ser remitidas pola persoa interesada interesado á Comisión mediante o seu rexistro nas instalacións da Fundación Galicia Europa ou a través de calquera dos rexistros previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Resultas as reclamacións contra a resolución provisional, a comisión fará pública a puntuación definitiva nos taboleiros de anuncios das oficinas anteriormente citadas e na páxina web da FGE.

A cualificación do proceso virá determinada pola suma das puntuacións obtidas en ambas fases. O/a primeiro/a aspirante da lista definitiva publicada será o/a candidato/a seleccionado/a para a cobertura da praza obxecto desta convocatoria.

No suposto de empate nas puntuacións de dous ou máis aspirantes, posto que non existe no corpo infrarrepresentación feminina, acudirase por orde aos seguintes criterios ata que se resolva:

- Puntuación obtida na primeira fase do procedemento.
- Puntuación obtida na segunda fase.

- De persistir o empate, resolverase pola orde alfabética do primeiro apelido das persoas candidatas, comezando pola letra resultante no sorteo realizado en cumprimento do disposto no Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018.

A notificación á persoa seleccionada realizarase de xeito que quede constancia formal da súa recepción e se o/a seleccionado/a non responde ó chamamento no prazo de dez días hábiles, a FGE entenderá que rexeita a contratación, e chamarase ao/a seguinte candidato/a que figure na lista por orde decrecente de puntuación.

Artigo 10. Incorporación

Para os efectos da súa contratación, e por requirimento deste ente público, a persoa seleccionada deberá presentar no prazo de dez (10) días naturais os seguintes documentos:

- Orixinais ou copias compulsadas da documentación requirida no artigo 7 destas bases.
- Declaración baixo a súa responsabilidade de non ter sido separado do servizo de ningunha Administración pública, en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.
- Se a persoa seleccionada non posúe a nacionalidade española deberá presentar declaración xurada ou promesa de non estar sometidos a sanción disciplinaria ou condena penal que impida no seu Estado o acceso á Función pública.

Se a persoa seleccionada non presenta a documentación indicada no prazo establecido, ou presenta a súa renuncia á contratación para o posto para o cal foi seleccionado (caso en que se fará mediante solicitude expresa ao respecto, no mesmo prazo sinalado no punto anterior), resultará, en calquera caso, automaticamente seleccionado o seguinte aspirante segundo a orde de prelación da lista, que deberá presentar nun novo prazo de cinco días hábiles desde o remate do anterior a documentación citada no punto 10. Procederase desta forma ata que un/unha candidato/a presente en prazo e validamente a súa documentación.

A persoa seleccionada para a praza deberá incorporarse no prazo máximo de un (1) mes desde a notificación, salvo casos de forza maior debidamente xustificadas sempre e cando se formalicen os requisitos administrativos esixidos pola lexislación española para proceder ao rexistro do contrato e aseguramento social; de non se efectuar, entenderase como renuncia tácita ao seu posto de traballo.

O desempeño de calquera posto de traballo na Fundación Galicia Europa estará sometido ás incompatibilidades previstas na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

Disposición derradeira

Recursos.-Esta convocatoria e as súas bases poderán ser impugnadas mediante recurso contencioso-administrativo ante o órgano competente da orde xurisdiccional contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria nun diario de difusión xeral, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante o anterior, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer recurso de reposición, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución, ante o vicepresidente da Fundación Galicia Europa nos termos previstos nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Así mesmo, os interesados poderán interpoñer recurso de alzada contra os actos da comisión de selección ante a vicepresidencia da Fundación Galicia Europa nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.